



O Grupo Provincial de Marea Atlántica presenta a seguinte moción con carácter de urxencia sobre a débeda da Autoridade Portuaria da Coruña para o seu debate durante o Pleno ordinario do 14 de setembro de 2018.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A entrada en funcionamento do Porto Exterior de Punta Langosteira, así como o esperado traslado dunha parte das instalacións comerciais que hoxe aínda ocupan os peiraos interiores da Coruña, abren unha oportunidade extraordinaria. A recuperación destes terreos portuarios, incluídos no seu día nos convenios urbanísticos asinados en febreiro e outubro de 2004, e que abranguen os peiraos de Calvo Sotelo, Batería e San Diego, permite deseñar as bases dun novo horizonte litoral contando coa imprescindible participación da veciñanza.

A área metropolitana da Coruña ten por diante o reto de impulsar un proxecto de transformación urbana que a libere do peso de decisións debedoras dun contexto económico xa periclitado e encamiñadas a perpetuar un modelo de crecemento inadecuado e insostible. Hoxe, a veciñanza esixe a mellora da calidade do medio urbano, favorecendo a continuidade e a interrelación entre a área metropolitana, o porto e o mar e gañando novos espazos para a vida cívica ao tempo que se relanza a actividade económica e a innovación en torno ás economías do mar, e todo isto cunha mirada metropolitana, pensada para A Coruña de hoxe e de mañá.

O Pleno da Corporación da Coruña pronunciouse en reiteradas ocasións, por ampla maioría, a favor de deixar sen efecto os convenios asinados no seu día sobre o destino e os usos dos terreos portuarios e de avaliar a situación actual e a previsión de ordenación dos mesmo, así como de concertar novas fórmulas de financiamento do Porto Exterior e de reducir ou condonar a débeda derivada da construción desta infraestrutura, procurando fórmulas de xestión dos espazos portuarios que conxuguen a renovación do borde litoral e a eficiencia das actividades portuarias.

Do mesmo xeito se manifestou o Parlamento de Galicia durante a votación do pasado 12 de



setembro, no que se produciu un acordo plenario unánime entre todas as forzas políticas alí representadas e que acadaron un consenso histórico sobre esta materia.

O Goberno do Estado, no marco das negociacións no Consello de Política Fiscal e Financeira, vai asumir, a demanda do goberno autonómico de Valencia, a condonación da débeda do Consorcio Valencia 2007 por un montante duns 350 millóns de euros, derivada da organización da Copa América, da Fórmula 1 e de instalacións para deportes náuticos, e formalizada daquela nun préstamo ICO.

De non aplicarse tamén na Coruña, esta fórmula de alivio da débeda do Consorcio Valencia 2007, que cómpre saudar na medida en que pode contribuír á rexeneración dos terreos portuarios da capital do Turia, converteríase nun agravio comparativo para a nosa veciñanza e frustraría as expectativas depositadas na nova etapa aberta no Goberno do Estado coa presidencia de Pedro Sánchez. Máis aínda cando a débeda da Autoridade Portuaria da Coruña con Puertos del Estado, un préstamo de 200 millóns de euros outorgado en xullo de 2011, tivo por obxecto a execución dunha obra de infraestrutura portuaria declarada de interese xeral do Estado. Crédito que, Convenio de Normalización Financeira e Plans de Empresa por medio, pretendía amortizarse coa venda de terreos portuarios, nunha operación deseñada nos convenios de 2004.

É cuestión de vontade política, non hai outro impedimento. Existen mecanismos e procedementos máis que suficientes para condonar o préstamo da Autoridade Portuaria da Coruña, especialmente nun escenario de maior flexibilidade no réxime europeo de axudas aos portos e infraestruturas portuarias. Con independencia das diferenzas que poden existir entre os dous casos, a realidade é que o Goberno do Estado condona un préstamo en Valencia a unha entidade de dereito público, na que participa o Estado, a quen está adscrito, de acordo cos seus estatutos, e non o fai até o momento a principal cidade de Galicia con outra entidade de dereito público dependente de Puertos del Estado e, por tanto, do Ministerio de Fomento.



Por todo o exposto, o Grupo Provincial da Marea Atlántica propón ao Pleno os seguintes acordos:

a) Amosar o apoio e respado institucional desta Corporación ao acordo unanime do pleno do Parlamento Galego do pasado 12 de setembro sobre a situación da Autoridade Portuaria da Coruña.

b) Instar á Xunta de Galicia a:

1. Dirixirse ao Goberno central para que impulse os plans de investimentos de Portos do Estado en Galicia, así como as necesarias medidas normativas e orzamentarias que garantan ás autoridades portuarias galegas os necesarios mecanismos de financiamento dos programas de investimento previsto en cada unha delas e a asunción das cargas financeiras contraídas pola execución das infraestruturas necesarias para a súa operatividade e competitividade.

2. En relación coa situación da Autoridade Portuaria de A Coruña, e dada a súa especial relevancia, tanto en termos de débeda como das previsións para a súa amortización en relación coa venda de terreos da súa fachada marítimaportuaria

2.1 Instar ao Goberno do Estado a condonar o préstamo concedido por Puertos del Estado á Autoridade Portuaria da Coruña para a construción do Porto Exterior de Punta Langosteira, ou, no seu caso, conceder as axudas económicas equivalentes ou as medidas procedentes que se acorden, conducentes, en calquera caso, á amortización efectiva e global de dito préstamo, acordando para



isto a aprobación dos actos e disposicións normativas e orzamentarias que correspondan para o exercicio 2019.

2.2 Instar ao Ministerio de Fomento a convocar, no menor prazo, a Comisión de Seguimento do Convenio de febreiro de 2004 co fin de negociar un protocolo de colaboración que, teña por obxecto a revisión dos convenios de 2004 e, con ela, a do PXOM do 2013, sobre o fundamento e a definición dun novo horizonte litoral e portuario para a cidade, baseado nos seguintes principios básicos: titularidade e xestión pública dos terreos, equipamentos dotacionais e espazos libres públicos e usos produtivos portuarios complementarios.

2.3 Instar ao Ministerio de Fomento, Portos do Estado, Autoridade Portuaria, ADIF, ao Concello da Coruña e a propia Xunta de Galicia, constitúa un ente público como forma de participación e xestión dese novo horizonte litoral.

2.4 Instar ao Ministerio de Fomento e Portos do Estado a impulsar e financiar a execución da conexión ferroviaria do Porto Exterior de Punta Langosteira sen aportación económica da Autoridade Portuaria da Coruña e, a tal efecto, demandar a correspondente inclusión de orzamento axeitado e suficiente, tanto no Plan de Investimentos de Portos do Estado e ADIF como na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o 2019, de xeito que poida ser licitada no primeiro semestre de dito exercicio. Do mesmo xeito, instar ao conxunto de administracións e entidades portuarias estatais competentes a incrementar os esforzos na plena operatividade, conectividade e promoción internacional do Porto Exterior.

3. Que solicite, a través dos seus representantes no Consello de Administración das autoridades portuarias galegas, a celebración de cadanseu Consello de Administración extraordinarios para que formalmente se dirixan ao Ministerio de Fomento e Portos do Estado co obxectivo de demandar o sinalado nos apartados 1 e 2 (no caso da Coruña) do presente acordo.

4. Trasladar o presente acordo ao Concello da Coruña, Ministerio de Fomento, Portos do Estado, Autoridades Portuarias dos portos de interese xeral do Estado en Galiza, ADIF, así como ás Cortes Xerais e aos grupos parlamentarios de Parlamento Galego, Congreso e Senado.



Daniel Díaz Grandío
Portavoz do Grupo Provincial da Marea Atlántica
A Coruña, a 13 de setembro de 2018